



SOMOS O QUE LEMOS

Un ciclo de literatura dirixido por Javier Pintor na FUNDACIÓN  LUIS SEOANE

Mércores 14 de maio, 19:30 horas

 Seix Barral

PRESENTACIÓN

Enrique Vila-Matas

Canon de cámara oscura

Enrique Vila-Matas

conversará con

Javier Pintor

ENTRADA LIBRE

Aforo limitado



Enrique Vila-Matas

Da obra narrativa de Enrique Vila-Matas (Barcelona, 1948) destacan **Historia abreviada de la literatura portátil, Suicidios ejemplares, Hijos sin hijos, Bartleby y compañía, El mal de Montano, Doctor Pasavento, París no se acaba nunca, Exploradores del abismo, Dietario voluble, Dublinesca, Chet Baker piensa en su arte, Aire de Dylan, Kassel no invita a la lógica, Marienbad eléctrico, Mac y su contratiempo, Esta bruma insensata, Montevideo, Ocho entrevistas inventadas e Canon de cámara oscura**. Entre os seus libros de ensaios atopamos **Desde la ciudad nerviosa, El viento ligero en Parma, Una vida absolutamente maravillosa, Perder teorías, El viajero más lento e Impón tu suerte**. Traducido a trinta e sete idiomas, recibiu, entre outros, o Premio FIL, o Formentor das Letras, o Rómulo Gallegos, o Médicis Étranger, o Nacional de Cultura de Cataluña, o Ciutat de Barcelona, o Heralde de Novela, o Fundación Lara, o Leteo, o da Real Academia Española, o do Círculo de Críticos de Chile, o Meilleur Livre Étranger, o Fernando Aguirre-Libralire, o Jean Carrière, o Ennio Flaiano, o Elsa Morante, o Mondello, o Bottari Lattes Grinzane e o Gregor von Rezzori. É Chevalier de la Légion d'Honneur e foi condecorado coa Ordre des Arts et des Lettres. Pertence á convulsa Orden de Cabaleiros do Finnegans e é destacado membro da Sociedade de Refractarios á Imbecilidade Xeral (con sede en Nantes).

Canon de cámara oscura (Seix Barral, 2025)

Vidal Escabia, o protagonista desta historia, escolleu setenta e un libros nun cuarto escuro da súa casa coa idea de escribir un canon desprazado, disidente dos oficiais. Cada mañá, elixe ao azar un deles, e saca á luz un fragmento con destino ao Canon, pero o que desentraña súa lectura inflúe na súa vida e tamén na súa escritura.

As sospeitas crecen ao redor do narrador da historia, se é un androide, un Denver-7 infiltrado na xente corrente de Barcelona ou se, polo contrario, utiliza o Canon para dar sentido á súa vida ante o amor desorbitado que sente pola súa filla ausente.

Un Vila-Matas extremo que vai alén na súa indagación sobre o absurdo, o simulacro e a ficción como estranas formas de vida, e tamén na súa visión da arte literaria como transmisión, colaboración e modificación de ideas alleas. Unha busca, en definitiva, dun sentido último da escritura, ao tempo que explora temas como o dobre ou a ausencia infinita que deixan aqueles aos que amamos «a mesma ausencia que Eurídice lle deixou a Orfeo e da que moitos cren que naceu a escritura».

SOMOS O QUE LEMOS

Un ciclo de literatura dirixido por Javier Pintor na

FUNDACIÓN



LUIS SEOANE